



PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, CARPINTEIRO/A METÁLICO/A DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (SUBGRUPO C2), POLA QUENDA LIBRE.

ANUNCIO DO TRIBUNAL

Resolución do 30 de maio do tribunal cualificador polo sistema selectivo de oposición libre, de unha (1) praza de carpinteiro/a metálico/a, encadrada na escala de Administración Especial, subgrupo C2, correspondente á oferta de emprego 2020 (1), segundo as bases xerais publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do 30 de setembro de 2022 e as bases específicas publicadas no BOP do 16 de xaneiro de 2023, pola que se dá publicidade á relación de aspirantes convocados para a realización do primeiro exercicio e a diversos acordos adoptados.

1. A relación dos aspirantes convocados para a realización do primeiro exercicio tipo test, que terá lugar nas dependencias do CERSIA (Alcalde Raimundo López Pol s/n, San Lázaro) 15703 Santiago de Compostela (A Coruña) o **día 21 de xuño de 2024 ás 17:00 horas**.
2. De conformidade coa base 9.3 das bases xerais dos procesos selectivos convocados polo Concello de Santiago de Compostela, no marco da execución das ofertas públicas de emprego, aqueles aspirantes convocados para a celebración da proba de galego o 30 de maio de 2024, e que resultaren non aptos ou que non se presentaran, **quedan excluídos do proceso selectivo**.
3. Os chamamentos comezarán ás 17:00 horas en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas.
4. Orde de chamamento. De conformidade coa base 9.5 das bases xerais dos procesos selectivos convocados polo Concello de Santiago de Compostela, a orde de actuación dos aspirantes iniciárase alfabeticamente polo primeiro apelido da letra que resultase no sorteo anual realizado pola Xunta de Galicia. A orde de actuación das persoas aspirantes neste proceso selectivo empezará por aqueles **cuxo primeiro apelido comece pola letra H**.
5. As persoas aspirantes deberán presentarse provistos de documento nacional de identidade (DNI), ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do número 2 e goma de borrar.
6. Non se permitirá o acceso ó recinto onde se realice o exercicio de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.
7. As persoas aspirantes indicaron na súa solicitude se o texto dos exercicios deberán entregarse en galego ou castelán. Unha vez realizada a opción, e presentada a solicitude, os/as aspirantes non poderán modificala. No caso de non indicar ningunha das opcións, entenderase a de galego.